

PLAN DIXITAL

EFA A CANCELA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. DATOS BÁSICOS DO CENTRO

Nome do centro: EFA "A CANCELA".

Dirección: Tortoreos, s/n 36449 As Neves. Pontevedra.

Correo: acancela@unefa.org

Páxina web: www.efaacancela.com

Etapas Educativas: Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior e 1 curso AFD (Accións Formativas dirixidas a Desempregados) Certificado de Profesionalidade.

O centro imparte neste curso 2021-2022 nove cursos de Formación Profesional todos concertados e son os seguintes:

- 1º curso do CM de Panadería, Repostería e Confitería
- 2º curso do CM de Panadería, Repostería e Confitería
- 1º curso do CM de Xestión Administrativa
- 2º curso do CM de Xestión Administrativa
- 1º curso do CS de Administración e Finanzas
- 2º curso do CS de Administración e Finanzas
- 1º curso de CM de Coidados Auxiliares de Enfermería
- 1º curso de CS de Educación Infantil
- 2º Curso de CS de Educación Infantil

Todas son titulacións LOE, excepto CM de Coidados Auxiliares de Enfermería que é LOXSE.

Número de profesores: 15

Número de alumnos/as: 200

ALUMNADO

Procedencia:

Escolarizamos ao redor de 200 alumnos con idades que abranguen dos dezaseis aos vintecinco anos aproximadamente, distribuídos entre os distintos ciclos existentes na actualidade no Centro.

Proceden de distintos concellos: As Neves, Arbo, A Cañiza, Pontearreas, Mondariz Balneario, Porriño, Vigo, Tomiño, Tui, Salceda, Salvaterra sendo necesario, como se comentaba anteriormente, un autobús escolar para estas últimas zonas. Maioritariamente proceden das parroquias e lugares destes concellos, polo que, dado o enclave rural do mesmo, o seu ambiente cultural é o propio do medio rural do que proceden. Todo isto fai que o noso alumnado non presente os problemas conductuais típicos das zonas urbanas e estea moito máis unido afectivamente ao profesorado, e daquela o ambiente na aula vólvese máis familiar e, polo tanto, gratificante dende o punto de vista afectivo.

Horario lectivo. Calendario Escolar:

O horario lectivo abrangue 36 horas semanais ás que lles hai que engadir una hora e cuarto, aos mediodías, para aquel alumnado que xantan no colexio os luns e martes (se hai oferta de comedor).

Ademais disto, algúns días están máis horas porque desenvolven actividades extraescolares e/ou complementarias organizadas polo Centro.

O calendario escolar cinguese ó marcado pola Consellería de Educación para cada curso escolar.

As horas lectivas do alumnado repártense semanalmente como segue:

- De luns a martes, ámbolos dous incluídos:
Polas mañás: das 9:00 ás 14:20 horas
Polas tardes: das 15:05 ás 18:05 horas
- Mércores, xoves e venres: das 9:00 ás 14:20 horas

Todo o alumnado participa activamente, dentro das súas posibilidades, nas actividades complementarias, como visitas a empresas e conferencias profesionais e outras actividades coma rutas de sendeirismo, día de convivencia...

O persoal non docente é o seguinte:

- Persoal de secretaría: 1 persoa
- Una persoa, contratada a media xornada, para levar a cabo actividades específicas da Asociación.
- Unha persoa e outra a media xornada para realizar tarefas de limpeza.

Periodicamente ven unha empresa para a limpeza e mantemento de exteriores.

PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

Os nosos principios de identidade son os seguintes:

- O noso é un centro de formación para o desenvolvemento e a promoción do medio rural.
- É aberto, centrado na persoa (formación individualizada) e en grupo, que facilita o desenvolvemento harmónico da personalidade e así, acentúa valores como a familia, a liberdade, o sentido crítico, a participación, a solidariedade, a tolerancia, a convivencia e a paz, o que nos obriga a desterrar todo tipo de violencia.

- O protagonista principal da acción formativa é o alumno, coa participación da familia, o entorno social e o Centro educativo
- Atenderase á diversidade do alumnado incluíndo aquel con necesidades educativas especiais, permanentes ou transitorias, tratando de adecuar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ás necesidades individuais.
- No Centro seguiremos unha ensinanza activa e participativa (fomentando a cooperación e colaboración de todo o alumnado), que conduza ó alumnado a unha auténtica aprendizaxe significativa, entendendo como tal que toda a actividade parte do coñecemento previo do alumnado para chegar, a través da investigación, a novos coñecementos que lle axuden a desenvolverse no medio.
- A actuación educativa fomentará a reflexión, o sentido crítico, o interese polo saber, esforzo persoal, capacidade creativa, hábitos (conducta, traballo, hixiene...), valores e normas.
- Fomentarase o traballo en equipo do profesorado, procurando que todas as actividades estean coordinadas e evitando o individualismo. Manterase unha actitude aberta á innovación...
- O Centro posibilitará a formación permanente do Profesorado, fomentando a formación do grupo no seu conxunto.
- Unha ensinanza activa, moi próxima á realidade socio-profesional do entorno, que facilita a inserción laboral e o autoemprego.
- Metodoloxía de alternancia, realizando nos primeiros cursos o PROXECTO EMPRESA-AULA, nesta actividade, considerada como actividade complementaria foméntase a participación directa do empresario na formación do alumnado con estadias nas empresas e tamén foméntase o espírito investigador facendo un traballo de análise do sector e das empresas.
- A participación do sector empresarial no deseño curricular da Formación Profesional.

Se en algo se caracterizou á EFA A Canela ao longo da súa vida, foi pola innovación pedagóxica permanente, sendo pioneiros na aplicación da alternancia educativa e os primeiros na Formación Profesional en lograr un compromiso expreso e unha implicación real das empresas na formación dos futuros profesionais. Os resultados non se fixeron esperar: un 90% do noso ex-alumnado está empregado ou autoempregado, preferentemente no mundo rural.

-INSTALACIÓNS

O centro consta de tres edificios:

2.- Edificio 1, de nova construción.

1.- Edificio 2, que é o máis antigo, como se mencionou anteriormente propiedade dun patronato, donado pola Marquesa para que se desenvolvesen tarefas educativas.

3.- Edificio 3, anexo ó edificio 1.

Actualmente, en xeral, a organización do espazo é da seguinte forma:

EDIFICIO 1: Aula 1 (Cm de Xestión Adm), Aula 2 (CS de Adm e Finanzas), Aula 3 (CS de Educación Infantil), Aula 4 (taller do CS de Adm e Finanzas)
Dirección, Secretaría, xefatura de estudos, baños e sala de coordinación e orientación.

Planta baixa: Aula taller do Cm de Panadería, Repostería e Confitería, vestiarios, anexos, aseos e almacén deste ciclo.

EDIFICIO 2:

Parte 2 A (construcción sen restaurar):

Planta baixa: Aula 6 (taller do Cm de Xestión Administrativa), sala do profesorado, sala de cafés e aseos.

Primeiro andar: Aula polivalente do CM de Panadería, Repostería e Confitería e anexos necesarios para este ciclo.

Segundo andar: Aula taller do Cs de Educación Infantil.

Parte 2B (construcción restaurada):

Planta baixa: Sala de orientación, aseos, sala de estar e despacho da asociación.

Primeiro andar: Aula de Cm de Coidados de Enfermería e aseos.

Segundo andar: aulas de museo do pan.

EDIFICIO 3 :

Biblioteca, sala de estar e sala cero (COVID)

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

-UBICACIÓN E ENTORNO DO CENTRO

O Centro de Formación Profesional EFA "A CANCELA", é un centro concertado. Foi creado en 1973. Está situado no medio rural. A pesar de estar ubicado en As Neves, o Centro conta cun ámbito de actuación bastante grande, comprendendo alumnado de distintos concellos como son: Tomiño, Tui, Porriño, Salceda, Salvaterra, Ponteareas, Mondariz, Arbo e A Cañiza.

O estudo do contexto farémolo segundo unhas grandes liñas xerais: aspecto físico, poboación, estrutura económica e socio-política...

-ASPECTOS FÍSICOS

Localización espacial, xeográfica e comarcal

O Concello de As Neves é un municipio ubicado no interior meridional da provincia de Pontevedra, ocupando a parte central da Comarca do Condado.

Ten 65,5 Km² e os seus límites son:

- **Sur:** río Miño, fronteira con Portugal
- **Norte:** Cañiza, Salvaterra e Ponteareas
- **Leste:** Cañiza e Arbo
- **Oeste:** Salvaterra de Miño

O medio natural

O termo municipal é moi montañoso, con alturas inapropiadas do occidente galego. Destacan o Monte San Nomedio (689 m) situado ó norte do Val do Xuliana (separándoo da zona de Batalláns); os montes de Chan do Rei (954), punto máis elevado do municipio, situado nos límites dos concellos de A Cañiza e Arbo; montes de San Fins (699m) situados ó sur do Chan do Rei.

O termo municipal está artellado polos seguintes vales fluviais:

Val do Miño: estreito, a súa pendente diminúe cara a zona occidental, na que as terras son máis chas. Exténdese polo sur do Concello, perpendicularmente a el e ocupando a meirande extensión do mesmo.

Val do Xuliana: transcorre en dirección norte-sur perpendicularmente ó Val do Miño. Atravessa as parroquias de Taboexa, Rubiós, Tortoreos e Liñares.

Val do Termes: separado do anterior polo Paradanta. Está situado ó leste do Concello e ten unha lonxitude de uns 10 Km.

A climatoloxía é similar á de toda a Comarca do Condado, sendo a temperatura media de 16,2 °C e as precipitacións de 157,2 mm/mes, aínda que hai unha certa tendencia á aridez estival.

Salientar dous feitos:

- Os ríos non chegan a formar néboas de estancamento, debido a que están moi encaixonados.
- O nome do Concello non ten nada que ver coa climatoloxía local, posto que son moi raras as xeadas e as neves non cobren as terras do Concello máis que en ocasións moi illadas.

Respecto á flora e á fauna son moi semellantes ás do resto de Galicia, coas diferenciacións especiais favorecidas polo clima desta zona. A paixase predominante é a dos viñedos entre medio dos montes con especies de aproveitamento forestal: piñeiros e eucaliptos, principalmente.

-POBOACIÓN

O Concello de As Neves ten 4.467 habitantes (datos do INE de 2007), tendo unha densidade de poboación de 68,20 hab/km².

O Concello consta con 255 entidades de poboación agrupadas en 13 parroquias, distribuídas en cinco áreas.

-ESTRUTURA SOCIOECONÓMICA

Gran importancia do sector primario, en concreto a agricultura, sector que está moi envellecido e predomina claramente o minifundio.

O número de persoas adicadas ó sector secundario foi en aumento dende 1960 ata a actualidade e hoxe en día está crescendo o número de persoas adicadas ó sector terciario.

Tipos de actividades económicas

Sector primario:

Cultivos: viñedos, pataca, fabas...

Gandería: gando ovino, caprino e vacuno, aves

Pesca: lamprea, troita,... sobre todo no río Miño.

Sector secundario:

Industrias: de transformación de madeira e pel
Graveiras en Vide
Construción

Sector servizos:

Comercios espallados por lugares e parroquias do Concello:

- De construción, en Setados
- De alimentación
- Taxis
- De electrodomésticos
- Ferreterías
- Autoescola
- Bancos...

Bares e restaurantes: basean ó seu éxito na fama das angulas, da lamprea e dos viños do Condado e, actualmente, do albariño, con denominación de orixe Rías Baixas.

A maioría da poboación comparte as actividades agrícolas coas dos outros sectores. As mulleres son as que levan o peso tanto do traballo agrícola coma do "goberno" da casa.

A xente desprázase a outros concellos (fundamentalmente a Porriño, Ponteareas e Vigo) por causas laborais.

- Servizos públicos e infraestruturas
- A rede viaria básica está composta por dúas entradas locais:
- Neves-Ponteareas: enlaza ó Concello coa N-120 e a autovía Rías Baixas.
- Salvaterra-Neves-Arbo: discorre paralela ó Miño e a liña do ferrocarril Vigo-Ourense con estación en As Neves.
- Os servizos urbanos públicos máis salientables son:
- Casa do Concello
- Garda Municipal
- Piscina municipal
- Electrificación Rural
- Traída de augas
- Correos
- Sanidade: Asistente social, Centro de Saúde e dúas farmacias
- Biblioteca Pública
- Auditorio Público

- Mercado
- Rede telefónica
- Alcantarillado
- **Educación:** IES, CEIP, Escolas Unitarias e a EFA

Ofertas culturais do entorno

No Concello de As Neves destacan as seguintes entidades e asociacións culturais:

Asociación EFA "A CANCELA"

Centro Cultural Vázquez Portomeñe (Auditorio)

Centro Social

Casa da Cultura e Xuventude

Conservatorio de Música

Banda de Música Municipal

Coral Sta. María de As Neves

Asociación de Mulleres Rurais

Sociedade de Caza Sta. Bárbara

Festas Populares e Mercados

De entre todas as festas populares do noso Concello destacamos as seguintes:

Romaría de Sta. Marta, en Riberteme (29 de xullo)

Feira do Requeixo e Mel (Venres Santo)

Festa do Libramento de Rubiós

Festas patronais de cada unha das parroquias

Por último destacamos os mercados semanais dos venres, que son moi concorridos polos veciños do Concello.

-TIPOLOXÍA ESCOLAR

Os centros de Promoción Rural-EFA de Galicia son, por natureza, asociacións de familias e outros profesionais do medio rural, co obxectivo da promoción profesional e social do medio rural a través de accións educativas. Estes centros perseguen, por tanto, un eficaz desenvolvemento deste sector a través de varias liñas, entre as que se atopan programas de formación regrada para xóvenes. Este tipo de centros non teñen fins lucrativos e o modelo pedagóxico no que se inspiran dende os seus inicios é o da Maison Familiale Rurale (MFR) francesa e segue sendo unha referencia constante para nós.

En Galicia existen, na actualidade, tres Centros de Promoción Rural-EFA, que xuntos constitúen a Federación de Centros de Promoción Rural-EFA, único órgano de representación institucional no ámbito autonómico.

Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo.

Non ten sentido falar do noso Plan Dixital sen vinculalo intrinsecamente ás estratexias organizativas e académicas que conforman o Proxecto Educativo de EFA A Canela. O obxectivo final da integración colectiva do noso Plan Dixital no devandito Proxecto Educativo será a transformación de EFA A Canela nun centro de estudos competente a nivel dixital.

Existen multitude de aspectos do noso Proxecto Educativo nos cales as estratexias do noso Plan Dixital deben ter acción directa para beneficio xeral da acción de ensino-aprendizaxe que desenvolvemos:

- Desenvolvemento e promoción do medio rural.

EFA A Canela é, ademais dun centro educativo, un centro de desenvolvemento e promoción do medio rural. Os impactos positivos a realizar para fomentar o desenvolvemento local do noso rural en As Neves e demais poboacións da comarca deben apuntar cara un futuro desexable para o mundo rural: unha transición cara ao internacionalismo e a cooperación sen renunciar á identidade, o patrimonio e o amor ao microcosmos particular da nosa comarca, garantindo un desenvolvemento sostible dos seus recursos e fomentando as tecnoloxías da información como ferramenta esencial para acadar a capacidade de competir profesionalmente en igualdade de condicións cos cidadáns das zonas urbanas ao tempo que axudamos a solventar o problema da España baleirada.

- Deseño curricular e programación das clases.

Na actualidade e tras a realidade aínda recente do confinamento, o uso de plataformas de *e-learning* resulta nunha realidade dificilmente dissociable da acción de ensino - aprendizaxe.

As súas vantaxes resultan agora tremendamente obvias e supoñen un beneficio para o alumnado en distintas dimensións que, eventualmente, supoñen un beneficio académico para o estudante, sendo unha delas a modificación dirixida da adición á tecnoloxía con fins construtivos.

A programación anual, trimestral e diaria das clases de cada un dos módulos impartidos debe ter en conta os recursos telemáticos dispoñibles (e os medios tecnolóxicos á disposición do noso alumnado) para a súa inclusión na nosa estratexia de dinamización das mesmas, sendo unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da acción educativa, especialmente en ciclos formativos de Formación Profesional.

É fundamental, ademais para o desenvolvemento da Alternancia (Proxecto Empresa - Aula), un aspecto fundamental da nosa oferta educativa que consiste na conexión entre a realidade empresarial da zona e a formación que impartimos nas aulas desde o primeiro trimestre do primeiro curso en todas as nosas

titulacións. Por virtude deste proxecto, o noso alumnado realiza unha estancia na empresa unha vez ao trimestre, durante a cal ten o obxectivo de investigar cales son as labores e tarefas do seu futuro posto de traballo nos diferentes tipos de empresa onde poderá traballar. Como resultado desta estancia, o alumnado debe elaborar un traballo de investigación e un arquivo de presentación eminentemente audiovisual que servirá para expoñer cal foi a súa experiencia e cales foron os resultados obtidos ao finalizar a súa estancia. Isto require o uso de ordenadores, tablets, unha conexión estable a internet para comunicarse de forma continua coa empresa e o alumnado durante a súa estancia (utilizamos Classroom para intercambiar información e avaliar unha parte dos proxectos) así como proxectores/pantallas de TV nas aulas e sistemas interactivos de ensino/aprendizaxe (taboleiro dixital, etc).

- Comunicación co alumnado e coas familias

Plataformas de acceso gratuíto como Google Classroom, o correo electrónico e as plataformas de videoconferencia supoñen un medio de comunicación cada vez máis demandado por un sector do alumnado de diversas idades así como por algunhas familias do alumnado menor de idade, marcando o aumento progresivo desta demanda unha tendencia clara de cara ao futuro.

- Atención á diversidade do alumnado.

Parte do profesorado de EFA A Canela, que xa intentamos utilizar activamente o ordenador ou o teléfono móbil como parte dunha experiencia de ensino - aprendizaxe fundamental nas nosas clases, observamos os beneficios da interactividade que proporciona ao alumnado, servíndonos de técnicas de *gamificación* (utilización de plataformas como Kahoot, por exemplo) ou actividades interactivas que inclúen vídeos de produción propia acompañados de cuestionarios *on-line* autocorrixibles.

- Actividades de educación e promoción ambiental e ecolóxica.

En EFA A Canela estamos concienciados coa protección e a valorización do medio natural. Por iso existen dous proxectos relacionados con este eido integrados na nosa oferta educativa: un deles consiste nunha colaboración co Concello de As Neves ("O Monte Nace Na Escola") mentres que o outro é un proxecto propio que cambia ano tras ano e que está enmarcado no Programa Voz Natura, integrado na oferta educativa dos diferentes ciclos e cunha gran vocación de xerar impactos positivos no noso entorno implicando a gran parte da sociedade.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do Curso 22/23.

Como se menciona nos parágrafos anteriores, existen multitude de aspectos no funcionamento do noso Centro nos cales a tecnoloxía xoga un papel central e outros nos cales, cando menos, resulta tanxencial aínda que imprescindible. En todo caso, na nosa Programación Xeral Anual do Curso 22/23 méncionanse os seguintes apartados:

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Utilizar as TIC no traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, obradoiros, sesións formativas, prácticas...
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento mediante o uso das novas tecnoloxías.
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias que resulten interesantes na actividade docente.
- Transmitir ao alumnado estratexias que lles permitan valorar e discriminar a información obtida así como xestionala a través das TIC.
- Fomentar as posibilidades que nos brindan as TIC con fins creativos nos proxectos que o alumnado desenvolven ao longo do curso, buscando a innovación e a mellora continua.
- Facilitar ao alumnado o acceso básico a materiais didácticos, comunicacións, avisos e recordatorios mediante a utilización da Aula Virtual, o Classroom, Webex e Abalar.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Artigo 111 bis e Artigo 121 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

No Artigo 111 bis, salientamos o contido do punto 2 en referencia ao concepto amplo e estendido de aula no marco deste Plan Dixital e as súas implicacións prácticas a nivel de integración no noso Centro ("As contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión

do concepto de aula no tempo e no espazo. Por iso deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe").

Abrazando a realidade tecnolóxica actual ("a realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá", tal e como se define na Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021), consideramos necesaria a súa integración controlada na aula, normalizando e dirixindo o seu uso, educando no seu correcto uso e xestión para contribuir así a un mellor entorno social para o noso alumnado tanto dentro como fóra da aula, tal e como se recolle no punto 5 ("As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.

As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade").

Tal e como describimos no apartado 3.2 deste Plan Dixital (Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas), detectamos, entre outras moitas, necesidades a subsanar a nivel de formación en competencia dixital no noso profesorado, o cal está en relación directa co punto 6 do Artigo 111 bis ("O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas").

O punto 7 do Artigo 111 bis está directamente relacionado cunha situación grave a subsanar no noso Centro, en referencia á capacidade do noso alumnado para acceder aos recursos dixitais que lles son necesarios tanto desde o propio centro educativo como desde a súa casa, existindo un problema, documentado ao inicio de

cada curso, en relación á capacidade dixital do noso alumnado debido á carencias na formación relacionada e tamén a falta de medios propios e infraestrutura ("As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros").

Os apartados 1.1 (Datos básicos do Centro) e 1.2 (Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro) recollen información directamente relacionada co previsto no Artigo 121 en referencia á realidade do Centro na súa contorna en sentido amplo e á elaboración do Proxecto Educativo do Centro, no cal ten unha importancia crecente o aspecto tecnolóxico na estratexia educativa, tal e como se extrae da necesidade de elaboración deste plan dixital, seguindo o recollido en dúas disposicións adicionais de dúas resolucións publicadas recentemente e que indicamos a continuación:

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

Por último, referímonos a un artigo que consideramos de especial interese dada as circunstancias particulares do noso centro educativo e a súa catalogación como centro concertado: o Artigo 122 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación e, en concreto, os puntos 1 ("Os centros estarán dotados dos recursos educativos, humanos e materiais necesarios para ofrecer un ensino de calidade e garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación") e 2 ("As Administracións educativas poderán asignar maiores dotacións de recursos a determinados centros públicos ou privados concertados, en razón dos proxectos que así o requiran ou en atención ás condicións de especial necesidade da poboación que escolarizan. Dita asignación quedará condicionada á rendición de contas e xustificación da adecuada utilización dos devanditos recursos") do mesmo.

1.4 Proceso de elaboración

Por diversos problemas alleos a nós a primeira toma de contacto que tivemos co Plan Dixital no noso centro foi en xaneiro, con todo, outros centros xa o comezaran en novembro.

Debido ás circunstancias tanto do noso centro como do tipo de profesorado traballando actualmente na EFA A Canela, decidimos que o Equipo de Dinamización do Plan Dixital o formemos os dous profesores que consideramos con mellor aptitudes no eido tecnolóxico: Gabriel e eu (Ana).

O primeiro paso foi realizar o test CDD e os tests SELFIE tanto ao equipo directivo, como ao profesorado e alumnado para analizar todos os aspectos que consideramos que debemos mellorar ou ampliar no noso centro. Leváronse a cabo maiormente nas clases de inglés, e de titorías dos diferentes Ciclos.

A partir destes e outros problemas que vivimos día a día en relación á tecnoloxía nas clases elaboramos o informe DAFO, no que se detallan todas as fortalezas e debilidades que observamos.

Finalmente elaboramos a táboa cos obxectivos que queremos acadar coa elaboración deste plan e recolleemos todo neste documento.

(A temporalización na elaboración do Plan Dixital foi dada polo equipo de AdixTui ao que pertencemos.

Logramos entregar todo en data a pesar de empezar a traballar neste plan 2 meses máis tarde polas circunstancias anteriormente expostas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

CONECTIVIDADE:

No noso centro contamos con:

- ✓ 4 stwicks localizados en:
 - Despacho de dirección.
 - Aula de informática 4 (Edificio 1).
 - Aula de informática 6 (Edificio 2).
 - Planta baixa edificio 2.

INFRAESTRUTURA:

- ✓ Conexión de 20 GB para todo o centro.

- ✓ Non dispoñemos de conexión de voz.

EQUIPAMENTO:

- ✓ 50 ordenadores de sobremesa conectados en rede e distribuídos en:
 - Aula de Informática 4: 20 ordenadores. O uso principal é para o Ciclo Superior de Administración e Finanzas no 1º curso para os módulos Ofimática e proceso da información (240 horas) e Inglés (160 horas) e para o 2º curso o módulo de Simulación Empresarial (140 horas).
Con estes módulos esta aula está ocupada todo o horario escolar.
 - Aula de Informática 6: 20 ordenadores. O uso principal é para o Ciclo Medio de Xestión Administrativa no 1º curso para os módulos de Tratamento informático da información (267 horas) e Inglés (160 horas) e para o 2º curso o módulo de Empresa na Aula (156 horas).
 - 1 ordenador de sobremesa en cada unha das 9 aulas.
 - 1 portátil para uso xeneralizado.
 - Aula do profesorado: instalación con Internet para 11 ordenadores.
 - 2 impresoras con escáner. Una na sala de profesores no Edificio 2 e outra en secretaría.
 - 7 canóns de proxección nas que se desenvolven as actividades académicas dos módulos.
 - 1 cámara fotográfica dixital.

Servicios dixitais educativos:

- Páxina web do centro. Utilizada para amosar a oferta educativa do centro así como as actividades que se levan a cabo. Actualízase cada día.
- Aula Virtual: Non temos Aula Virtual da Xunta polo que utilizamos Classroom como ferramenta educativa en todos os módulos. Comezamos coa pandemia e ao ver os bos resultados e vantaxes que ofrece a utilizamos como parte da nosa metodoloxía.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro:** contamos cunha empresa externa para o mantemento dos equipos informáticos.

-Plan de continxencia relacionados coas TIC:

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. Os titores/as realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería.

Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Ensino telemático, respectando o mesmo horario do centro.
- As actividades, avaliacións, recuperacións, etc. serán as recollidas na programación de cada asignatura. De todos modos, as circunstancias serán modificables en función do determinado en reunións de claustro/departamento telemáticas.
- Seguiranse as pautas designadas polas autoridades sanitarias (desinfección total do centro, aula ou área afectada).

Para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial, o centro A CANCELA establece unha medidas:

1.- Haberá unha planificación horaria de traballo do profesorado co seu respectivo alumnado semellante á establecida no modo presencial. A finalidade é manter o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se vai desenvolver a formación se fora preciso pechar aula/-s ou o centro e, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

No caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, estes horarios teñen como obxectivo continuar co desenvolvemento dun ensino a distancia que garante a debida interacción entre o alumnado e o profesorado de cada curso. Os horarios espello son de obrigado cumprimento para o alumnado e para o profesorado do Centro e de referencia para as familias, de xeito que o proceso formativo sexa similar ao do ensino presencial e dea lugar ao correspondente avance nas programacións dos módulos.

O Centro EFA A CANCELA vai usar como horarios espello os horarios que se estableceron en setembro para a actividade lectiva presencial. Esta decisión fundaméntase na necesidade de non complicar ao alumnado coa nova posible situación de ensino a distancia e de respectar a carga lectiva de cada módulo das distintas familias profesionais impartidas no centro.

Procurarase que cada profesor/a destine á docencia virtual o 100% do tempo semanal de cada módulo que imparte (estando en explicación ou realizando tarefas), excepto nos módulos prácticos do CM de Panadería, Repostería e Confeitería onde destinarase á docencia virtual aproximadamente un 60% do tempo total, xa que este ciclo conta con moitas horas e existe a imposibilidade de poder realizar prácticas reais na docencia virtual.

Contémplase tamén unha certa flexibilidade por parte do docente ao poder establecer un ritmo distinto para algunha parte moi concreta dos contidos a impartir. Contémplase unha hora semanal de tutoría en cada grupo para que o tutor/a estea conectado co grupo e poida recopilar información de posibles problemas detectados no grupo coa conectividade e coas clases e así poder dar unha solución rápida. Estes horarios, incorporados no anexo II do plan de continxencia, serán comunicados ao profesorado e ao alumnado para o seu cumprimento. Tamén se informará ás familias a través do medio que o profesor ou profesora encargado de curso usa habitualmente para comunicarse con eles (abalarMóbil e/ou correo electrónico) e estarán publicados na páxina web do centro.

A metodoloxía do ensino virtual ante a Covid-19 foi elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos, esta metodoloxía permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

2.- Para poder garantir o éxito deste protocolo de actuación e para mellorar as competencias dixitais do alumnado, dende o inicio do curso en setembro estanse a levar a cabo simulacións nos distintos cursos.

3.- A comunicación das normas deste plan de ensino virtual, incluíndo os horarios espello, a metodoloxía a levar a cabo durante o peche da aula e outras

concrecións como o control de asistencia, farase a través do titor ou titora de cada alumno e alumna. Para este fin, o profesorado responsable informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade de xeito individual mediante mensaxe en classroom, AbalarMóbil ou chamada de teléfono (cando o tema sexa persoal e privado) ou de xeito grupal (mediante ou correo electrónico ou publicación na web do centro cando se trate de información xeral para o grupo). En cada caso, o profesor/a titor/a decidirá.

4.- A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche xa están recollidas por escrito por parte dos titores/ras de curso. No caso de A Canela fan referencia a problemas de conectividade e dispoñibilidade de equipos informáticos xa que o alumnado procede do medio rural e vive nel.

5.- Individualmente o profesorado, de xeito responsable, preparouse para poñerse a punto na metodoloxía empregada no plan de ensino virtual, obtendo destreza suficiente para afrontar a posta en marcha de dita metodoloxía. 6.- Tal como se recolle no anexo III, as tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso. Así mesmo, o alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial. Polo tanto, está obrigado a participar nas clases non

presenciais con aproveitamento e está sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento. Concretamente ten que ter a cámara do seu dispositivo electrónico activada cando se conecta, e mostrar actitude e postura de traballo. O profesorado continuará facendo diariamente o control de asistencia mediante as ferramentas habituais.

7.- Durante o peche ou confinamento, sempre dacordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica e segundo indicacións da xefatura de estudos, o profesorado terá que seguir o proceso educativo no centro (poderá facerse no seu domicilio se o profesor/a o xustifica).

8.- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das aplicación Classroom de Google (aula virtual) e conexión vía Webex tal como se especifica no anexo III. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

9.- . Cando durante o peche ou confinamento un profesor ou profesora se atope de baixa será o equipo docente do departamento do ciclo (en coordinación

coa xefatura de estudos e co apoio da persoa Coordinadora TIC) quen dispoña provisionalmente recursos formativos para o alumando ata a incorporación de persoal de substitución ou ata a alta do/a docente.

10.- En canto ao mesmo día do peche, a.- A dirección do centro enviará unha comunicación a través do Abalar Móbil e publicará unha nova na web do centro. b.- O profesorado implementará na aula virtual os recursos e as actividades necesarias e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumando menor de idade. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

11. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).

12. En canto á atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria ("Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas.

Esa proposta entregáraselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.") . No caso de que o alumno este en illamento preventivo debe estar pendente da aula virtual do Centro onde cada profesor/a enviará instrucións e tarefas a realizar. Poderá ter tamén conexións vía Webex cando o profesor do módulo o considere oportuno para unha sesión explicativa ou ben para aclarar dúbidas.

13. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas liñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

14.- Finalmente, garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades. Tendo especial atención ás flexibilizacións modulares e aos protocolos de atención á diversidade que se precisen.

METODOLOXÍA DO ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

Esta metodoloxía establécese como recurso en caso de corentena ou de confinamentos parciais ou totais para ofrecer ao alumnado unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo a interacción entre alumnado e profesor, a realización de tarefas e a avaliación do progreso.

Está elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitirán continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

Esta actividade lectiva a distancia caracterízase polos seguintes puntos:

1.- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das seguintes ferramentas • Conexión vía Webex que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios e tarefas. • Classroom como aula virtual (aplicación de Google), ferramenta dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo de almacenamento online para organizar os contidos das unidades didácticas, as tarefas realizadas, a avaliación correspondente e as mensaxes comunicadas por ambas partes (profesor/a – alumno/a).

2.- O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á aula virtual do módulo que corresponda no horario espello do curso. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para favorecer o aproveitamento do período lectivo. O enlace para a videoconferencia que permite establecer a conexión

cos diferentes módulos será creado polo profesor/a e este enlace debe estar de forma permanente colgado no Classroom da súa clase.

3.- Os docentes realizarán o seguimento do alumnado, impartindo os contidos da materia de xeito virtual e poderán poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

4.- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

5.- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial. Polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento, estando sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento. Concretamente ten que ter a cámara do seu dispositivo electrónico activada cando se conecta, e mostrar actitude e postura de traballo.

6.- O profesorado seguirá a facer diariamente o control de asistencia mediante as ferramentas habituais.

7.- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica e segundo indicacións da xefatura de estudos, o profesorado deberá seguir o proceso educativo dende centro xa que conta con medios necesarios: encerado, obradoiro e os talleres e así, poderá usar a cámara ou gravar vídeos para que o alumnado poida ver en directo a manobra. Dende o domicilio poderá facelo soamente en casos xustificandos.

8.- A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. 9.- Os titores do curso xunto cos titores persoais velarán polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinarán a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primari a	ESO	Bachare lato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				2,5	
	Alumnado					

B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,2	
	Profesorado				2,8	
	Alumnado				2,7	
C- Infraestruturas e	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				2,4	
	Alumnado				2,2	
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.				3,5	
	Profesorado				2,4	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				4,1	
	Alumnado				3,5	
F- Pedagogía: Implementación	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				3,1	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				2,9	
	Alumnado				2,5	
H- Competencias dixitais do	Equipo Direct.				3,5	
	Profesorado				3,3	
	Alumnado				2,8	

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	15	13,33%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84	Integrador (B1)	76,5%	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	84	Integrador (B1)	80,3%	Integrador (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	50%
B1		
B2		
C1	1	50%
C2		
TOTAL	2	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.Temos dúas aulas de informática (aínda que os equipos están desfasados)	1. Conexión inestable a internet (baixa velocidade e rendemento inconsistente cando se conectan moitos usuarios á vez) propia do rural. Falta de fibra óptica, a pesar de que a instalación nas inmediacións está feita. 2. Non hai equipos informáticos dispoñibles para todo o alumnado (existen dúas aulas de informática pero temos 9 unidades con necesidades tecnolóxicas). 3. No centro non dispoñemos de ordenadores portátiles e/ou tablets para uso do alumnado. 4. Non hai posibilidade de destinar unha rede WIFI adicada para o alumnado, xa que soamente dispoñemos de 20 Gb de velocidade de conexión. 5. Non dispoñemos de formación específica en informática para 3

			dos nosos ciclos e tampouco temos esta formación dispoñible para o profesorado.
	PERSOAL DOCENTE	1. Parte do persoal docente amosa interés na adquisición de novos coñecementos tecnolóxicos, implicándose na mellora da súa formación neste sentido.	1. Carencias graves en formación tecnolóxica. 2. Parte do profesorado leva a cabo moitas actividades extra-curriculares, carecendo de tempo para mellorar a formación. 3. O salto xeracional conleva diferencias grandes no estilo docente, a organización das diferentes actividades e a actitude ante a adquisición de novos coñecementos tecnolóxicos.
	PERSOAL NON DOCENTE	1. Contamos cun técnico informático externo. 2. Contamos cunha persoa a media xornada en conserxería que realiza moitas xestións que anteriormente realizaba o profesorado.	1. O técnico informático que traballa con nós non é persoal do centro, acudindo soamente en casos puntuais. 2. Sería ideal que a persoa de conserxería estivese a xornada completa no centro para poder realizar máis xestións diarias.
	ALUMNADO	1. Temos a posibilidade de utilizar a tecnoloxía como medio Interactivo para "gamificar" o proceso de ensino-aprendizaxe.	1. Salvocazos puntuais, carencias importantes a nivel de habilidades tecnolóxicas. Especialmente nos ciclos medios. 2. Cambios drásticos desde unha ensinanza pautada durante anos na ESO a ciclos formativos onde existe un aumento na esixencia a nivel docente e se precisa unha maior autonomía do alumnado. 3. Percibimos un incremento na cantidade de alumnado con atención dispersa e/ou limitada. 4. Detectamos falta de motivación en parte do alumnado dos ciclos medios (acabamos sabendo que algúns acceden a un ciclo simplemente porque non puideron acceder ao outro).

			5. Boa parte do alumnado no dispón de ordenadores portátiles e/ou tablets.
	FAMILIAS	1. Un dos nosos pilares educativos é o trato coas familias para acadar un desenvolvemento integral da persoa. Deberíamos apoiarnos máis nesta característica do noso centro para mellorar as relacións neste sentido.	1. Debido á idade media do noso alumnado, non hai unha relación tan directa coas familias en comparación con outros niveis educativos.
	OFERTA	1. O centro podería contratar a profesorado externo para realizar cursos extraescolares de informática adaptados a distintos niveles en función das necesidades detectadas.	1. Non contamos con formación específica de informática para o alumnado e profesorado de todos os ciclos.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. A ampliación da oferta educativa conlevou a incorporación de profesorado máis diverso e un aumento na cantidade de alumnado.	1. Falta de tempo para reunirmos e poñernos de acordo. 2. O crecemento na oferta formativa (de 3 a 5 ciclos) no noso centro foi moi rápida e isto conlevou unha adaptación non tan rápida da estrutura organizativa, revelando carencias neste aspecto.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Sería interesante reforzar a formación do profesorado en temas informáticos, establecendo diferentes categorías/cursos segundo o nivel de dominio. Idealmente, a Xunta de Galicia debería colaborar activamente cos centros máis desfavorecidos.	1. Existe unha grande diferenza entre os recursos dispoñibles para os centros públicos e centros concertados cun perfil coma o noso en referencia aos fondos e tamén aos programas e proxectos de formación ofertados para o profesorado. 2. Os currículos de moitos ciclos están desfasados e non se axustan á realidade actual.

	LEXISLACIÓN	1. Actualización legislativa do CM de Coidados Auxiliares de Enfermaría (actualmente LOMCE).	1. O título acadado no CM de Coidados Auxiliares de Enfermería permite aos futuros profesionais realizar tarefas onde a vida e saúde do paciente depende directamente do seu desempeño. Tal vez debería dividirse este ciclo noutros dous: un medio e outro superior. 2. Existe un vacío no paso da formación no centro á FCT e á posterior incorporación ao mundo laboral do alumnado con necesidades especiais, non existindo adaptación curricular en ciclos.
	CONTORNA	1. O centro está situado nunha zona rural, o cal implica moitos aspectos positivos para a formación integral do alumnado. Desde o noso centro búscase poñer en valor o entorno rural e que o alumnado desenvolva a súa vida profesional na contorna (Emprendemento no rural). 2. A escaseza de empresas na contorna pode ser unha oportunidade para xenerar iniciativas emprendedoras no alumnado.	1. A escaseza de empresas na contorna provoca que boa parte do alumnado se vexa obrigado a buscar traballo nas zonas urbanas.
	ANPA	Non existe a ANPA no noso Centro.	Non existe a ANPA no noso Centro.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Establecer sinerxias con outras asociacións e entidades (concello, comunidades de montes, asociacións de mulleres...)	1. Competencia directa do I.E.S. Pazo da Merced ao ofrecer tamén ciclos formativos e contar cun ciclo de informática.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora:		ÁREA C – Infraestrutura e Equipos.						
OBXECTIVO 1 (1):		Crear dunha Aula de Informática para o CS Márketing e Publicidade (autorizado legalmente na actualidade), requirida legalmente e non dispoñible no noso centro. En todo caso, a Aula sería tamén Imprescindible para o seu uso por parte do Profesorado.					Acadado	
RESPONSABLE:		DIRECTORA DO CENTRO					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Dotación recibida.						
Valor de partida (3)		Non						
Valor previsto e data (4)		Sí				21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER								
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN				
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)		
AO1.1: Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade de equipamento e a súa xustificación.	Equipo Dinamización Plan Dixital.	30/06/22.	Sala Reunións. Equipo ADIX Tui.	AO1.1: Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade de equipamento e a súa xustificación.	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
AO1.2: Establecer un espazo do que se poida dispoñer para utilizar como aula de informática.	Dirección do centro.	21/09/2022	Administración educativa. Un espazo adicado en exclusiva.	AO1.2: Establecer un espazo do que se poida dispoñer para utilizar como aula de informática.	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
AO1.3: Participar na convocatoria de subvencións ofrecidos pola Consellería.	Dirección do centro.	21/06/2023	Administración educativa. 20 ordenadores de sobremesa. Man de obra, optimización dos equipos e posta en marcha, cableado, instalación eléctrica, mesas e cadeiras...	AO1.3: Participar na convocatoria de subvencións ofrecidos pola Consellería.	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			

Área/s de mellora:		ÁREA C – Infraestrutura e Equipos.					
OBXECTIVO 2 (1):		Carro de ordenadores móbil con equipos ultra portátiles(Similar Proxecto ABALAR)para contar así cun Aula de Informática Móbil para os demais ciclos que non dispoñen dunha, sen necesidade dunha instalación fixa nun Aula.				Acadado	
RESPONSABLE:		EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO (2) DO		Dotación recibida.					
Valor de partida (3)		Non					
Valor previsto e data (4)		Sí			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)		RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade deste equipamento e a súa xustificación.		Equipo Dinamización Plan Dixital.	30/06/2022.	Sala Reunións. Equipo ADIX Tui.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Participar na convocatoria de subvencións ofrecidos pola Consellería.		Dirección do centro.	21/06/2023.	Administración educativa. Carro con 30 ordenadores ultraportátiles.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.1:Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade deste equipamento e a súa xustificación.		Equipo Dinamización Plan Dixital.	30/06/2022.	Sala Reunións. Equipo ADIX Tui.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora:		ÁREA C – Infraestrutura e Equipos.					
OBXECTIVO 3 (1):		Mellora da conexión actual á Rede, a actual é moi inestable. Imprescindible para a alfabetización dixital do noso alumnado, garantindo así a súa educación integral e a súa competencia en condicións de igualdade como centro de Formación Profesional.				Acadado	
RESPONSABLE:		EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Dotación recibida.					
Valor de partida (3)		Non					
Valor previsto e data (4)		Sí			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A03.1: Conseguir conectarnos á fibra xa instalada na vía pública.	Dirección do centro	21/09/2023	Administración educativa. Xestións administrativas. Compañía telefónica.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Financiar total ou parcialmente os custos dunha conexión destas características.	Dirección do centro	21/09/2023	Administración educativa. Orzamento para o pago da conexión e as mensualidades.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Instalar puntos de acceso wi-fi de calidade para os 3 edificios do Centro.	Dirección do centro	21/06/2023	Administración educativa. 7 puntos de acceso		Realizada		
					Aprazada		

Área/s de mellora:		ÁREA D - Desarrollo profesional continuo					
OBXECTIVO 4 (1):		Formación en Competencia dixital do profesorado, imprescindible para garantir unha docencia de calidade na actualidade, especialmente no rural.				Acadado	
RESPONSABLE:		EQUIPO DIRECTIVO.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxe do profesorado como mínimo cun nivel B1 no Test de Competencia Dixital Docente.					
Valor de partida (3)		10%					
Valor previsto e data (4)		70%			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA FIN (7)	PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Alfabetización dixital dunha parte do profesorado cun nivel baixo de competencia dixital (redes, ofimática, xestión dunha aula online).	Dirección do centro	21/06/2023		Profesorado especializado. Formación continua.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Especialización na utilización de plataformas de aprendizaxe online de carácter libre (Moodle ou similares).	Dirección do centro	21/06/2023		Profesorado especializado. Formación continua.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
						Pendente	

"Área/s de mellora":		ÁREA F - Pedagogía: Implementación na aula.					
OBXECTIVO 5 (1):	Formación en competencia dixital do alumnado (maiormente procedente do rural e sen medios tecnolóxicos). Imprescindible para acadar a inclusión no mercado laboral en vista das demandas das empresas.					Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do alumnado que acredita unha competencia dixital suficiente. (Instrumento: Test realizado a final de curso.)						
Valor de partida (3)	30%						
Valor previsto e data (4)	90%				21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA FIN (7)	PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Alfabetización dixital básica (uso básico dun equipo informático, creación e edición de documentos en ofimática, navegación básica en redes).	Dirección do centro	21/06/2024		Profesorado especializado. Formación continua.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2: Alfabetización dixital de nivel medio (uso de aulas dixitais).	Dirección do centro	21/06/2024		Profesorado especializado. Formación continua.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
						Realizada	

Área/s de mellora:		ÁREA C – Infraestrutura e Equipos.					
OBXECTIVO 6 (1):	Dotar ao alumnado do centro de Tablets (Fomentar o uso de libro e toma de apuntes dixital). Favorecendo: a orde nas Aulas, a saúde do alumnado (Non terán que cargar con tanto peso), a Gamificación do ensino e a comunicación coas familias. Imprescindible para que o noso alumnado compita en igualdade de condicións co alumnado do zonas urbanas, podendo plantexarse a súa vida no rural.					Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de alumnado do centro cun dispositivo (Tablet) á súa disposición.						
Valor de partida (3)	10%						
Valor previsto e data (4)	100%					21/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA FIN (7)	PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade deste equipamento e a súa xustificación.	Equipo Dinamización Plan Dixital.	30/06/2022.		Sala Reunións. Equipo ADIX Tui.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.2: Participar na convocatoria de subvencións ofrecidos pola Consellería.	Dirección do centro.	21/06/2023.		Administración educativa. 100 Tablets.		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Debido á localización do Centro, ás características dos edificios e ao seu deseño, afrontamos unha serie de retos a nivel tecnolóxico que debemos atallar con urxencia polo ben do noso alumnado e do noso profesorado.

Conexión a internet:

A nosa localización no rural únese a circunstancia de contar cunha conexión a internet de baixa velocidade, moi inestable e pouco fiable e non ser capaces de conectarnos á fibra óptica que xa se atopa instalada a vía pública. A pesar das múltiples accións que tomamos, non se está tendo en consideración a nosa situación nin as nosas peticións para acadar unha conexión estable.

Asemade, debemos ter en consideración o baixo alcance da rede WIFI debido ás características arquitectónicas do edificio nobre, construído con muros de pedra de gran espesor e con aulas de moita altura. Para superar estas complicacións e asegurar unha cobertura se rede óptima, é necesario establecer puntos de acceso WIF (cando menos, 7) en todo o recinto.

Equipamento informático:

Garantir a capacidade para conectarse á rede de todo o noso alumnado durante as clases é un dos nosos obxectivos principais para asegurar un plan dixital plenamente funcional en EFA A Cancela. Isto require de hardware así como de instalación (integración de cableado, espazo e mobiliario dedicado).

No noso centro existen dúas pequenas aulas de informática con equipos tecnolóxicamente desfasados que xa se usan a tempo completo nos nosos ciclos da rama administrativa (C.M. Xestión Administrativa e C.S. Administración e Finanzas).

No noso centro impartimos cinco ciclos e, en breve, un sexto que xa está autorizado (CS Marketing e Publicidade) e que require unha nova aula de informática específica dese ciclo. Teríamos, entón, a necesidade de crear esta nova aula de informática coa intención de compartir o seu uso co profesorado do centro para traballo e formación.

Tendo en consideración as características arquitectónicas de EFA A Cancela, para os restantes 3 ciclos (C.M. Coidados Auxiliares de Enfermería, C.S. Educación Infantil e C.M. Panadería, Repostería e Confitería), non tería sentido crear máis aulas informáticas fixas. No seu lugar, consideramos que sería máis versátil o uso dunha sorte de "aula de informática móbil" consistente nun carro con equipos ultraportátiles (similar ao do Proxecto Abalar) que se puidese desprazar entre aulas segundo as necesidades, non requirindo ademais de instalación adicional agás o punto de carga dedicado nunha aula concreta.

Carencia de medios tecnolóxicos por parte do alumnado e futuro caderno dixital:

Observamos que unha parte do alumnado carece de medios tecnolóxicos apropiados para conectarse a internet e acceder a plataformas de e-learning. A escasa cobertura das redes de datos na zona (próxima a Portugal, co problema de cambio de rede que isto supón) e no interior do edificio únese ao problema de que non todo o alumnado conta cun teléfono móbil en condicións.

Ademáis, observamos que o alumnado de maior idade é, por norma xeral, pouco hábil traballando cun terminal tan pequeno.

Outro problema consiste en que boa parte do noso alumnado carga moito peso na súa mochila, levando moitos libros e cadernos a diario. Neste sentido e tendo en conta o elemento de interactividade que proporciona a utilización de plataformas online como Google Classroom, plantexamos a posibilidade de que cada membro do alumnado matriculado conte cunha tablet Android básica, de 8 a 10 pulgadas, orientada á ofimática e a navegación online, utilizando software libre e/ou software gratuito para fomentar así o uso de libro dixital e a toma de apuntes tamén dixital con copia de seguridade na nube. Isto tamén favorecería a gamificación do ensino e a comunicación coas familias, elemento imprescindible para que o noso alumnado compita en igualdade de condicións co alumnado de zonas urbanas, puidendo plantexarse continuar a súa vida futura no rural.

Formación en competencia dixital de profesorado e alumnado:

A maior parte do noso alumnado procede do rural e carece de medios tecnolóxicos apropiados. Atendendo ás demandas das empresas, coas cales traballamos de forma estreita nos Ciclos de FP, a formación en competencia dixital do alumnado é imprescindible para acadar a inclusión no mercado laboral.

Doutra banda, tamén somos conscientes das carencias existentes na alfabetización dixital dunha parte do profesorado, que conta cun nivel baixo de competencias relacionadas coas redes, a ofimática e a xestión de aulas online. De cara ao futuro inmediato e tras pasar por unha pandemia global, tamén somos conscientes da necesidade de especialización de todo o profesorado na utilización e xestión de plataformas de aprendizaxe online de carácter libre (Moodle ou similares).

Deste xeito, tanto o noso alumnado como o noso profesorado precisan dunha formación continua que permita garantir un proceso de ensino - aprendizaxe de calidade no panorama dixital actual.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O equipo directivo de EFA A Cancela fará un seguimento do estado deste Plan Dixital, atendendo á modificación dos distintos aspectos recollidos no mesmo en función das necesidades que aparezan no futuro. Tamén levará conta do grao de consecución dos obxectivos propostos no mesmo e elaborará propostas de mellora periódicas.

Para isto, realizaremos unha **avaliación procesual**, mediante a recollida sistemática de datos, que terá lugar unha vez ao trimestre. Esta avaliación realizarase ben a través das ferramentas que nos sexan proporcionadas pola Administración (como foi o caso do test SELFIE) ou ben mediante un formulario online elaborado pola comisión do Plan Dixital, que se facilitará tanto a profesorado como a alumnado do noso centro educativo. No caso de utilizar un formulario propio, aproveitaremos as posibilidades dos formularios de Google, que nos aportan ferramentas para iniciar unha análise estatística básica dos datos recollidos.

4.2 Propostas de mellora

Ao final de cada curso escolar, realizaremos tamén unha **avaliación global** na cal valoraremos o grao de consecución dos obxectivos propostos no noso plan e elaboraremos propostas de mellora que determinarán o contido de futuras versións do noso Plan Dixital, axustándose así á realidade de cursos posteriores.

O resultado das avaliacións procesuais e da avaliación global será rexistrado, achegándose ao documento principal do noso Plan Dixital.

5. Difusión do plan

Por todo o anterior exposto, non consideramos moi adecuado nin necesario publicitar de xeito xeneralizado o noso Plan Dixital ante toda a comunidade educativa.

Con todo, si consideramos necesario que o equipo docente sexa conscente de todo o exposto neste documento polo que, unha vez aprobado o noso plan, o publicaremos no Classroom que cada Ciclo ten compartido cos profesores que imparten neles.